

**NIGRÁN****A N U N C I O**

*Asunto:* Regulamento de xestión do punto limpo do Concello de Nigrán.

*Expte. n.º:* 2014/002S.

*Trámite:* Publicación.

*Normas de aplicación:* Art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes.

*Aprobación:* Pleno do Concello, en sesión do 28-04-2014

Tra-la información pública no boletín oficial da provincia do 13 de maio de 2014, quedou elevado a definitivo o mencionado acordo polo que se aproba o expresado Regulamento.

Publicase como anexo o texto aprobado, coa indicación de que o acordo pon fin á vía administrativa polo fronte ao mesmo cabe interpoñer RECURSO CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde esta publicación, sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso procedente.

**A N E X O :****REGULAMENTO DE XESTIÓN DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE NIGRÁN****ARTIGO 1. DEFINICIÓN E NATUREZA DO PUNTO LIMPO**

A efectos do presente regulamento enténdese por punto limpo o espazo de recepción e almacenaxe selectivo específico de residuos de características especiais xerados no ámbito doméstico que ten como obxectivo facilitar a súa valorización ou xestión diferenciada, e que está destinado ao seu uso por particulares e pequenos establecementos.

O punto limpo forma parte do servizo público municipal de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria e o seu funcionamento desenvolverase de forma coordinada co conxunto do mesmo.

**ARTIGO 2. USUARIOS**

1. Poderán facer uso da instalación os usuarios domésticos e os establecementos ou empresas, respectando a cantidade máxima dos residuos admitidos no relativo ao seu e volume.

2. Para evitar a saturación da instalación poderase limitar o acceso de usuarios que non estean domiciliados no termo municipal de Nigrán.

3. No caso de usuarios non domiciliados en Nigrán ou no daqueles que aínda estando domiciliados pretendan depositar cantidades superiores ás previstas como gratuítas, e sempre que o permita a capacidade da instalación, o depósito poderá condicionarse ao pago do tributo municipal correspondente, segundo o que determine a correspondente Ordenanza fiscal.

4. Os usuarios que, aínda que respectando as cantidades máximas por entrega, realicen depósitos cunha frecuencia inusualmente elevada sumando volumes que poidan indicar unha orixe non admitida, poderán ver limitadas as súas entregas ou ser excluídos do servizo. Estas limitacións poderá impoñelas provisionalmente o xestor do servizo, informado á dirección técnica municipal quen propondrá ao órgano competente a adopción da resolución que corresponda.

**ARTIGO 3. ORGANIZACIÓN****3.1. RESPONSABLE**

O punto limpo contará cun responsable do control continuo da instalación, que se encargará basicamente do seguinte:

- Abrir e pechar as instalacións no horario establecido.

- Levar o rexistro diario de operacións
- Controlar a entrada de residuos, informar aos usuarios e axudalos a realizar o vertido correcto dos residuos non perigosos, encargándose persoalmente do depósito dos perigosos.
- Realizar as comunicacións necesarias para a retirada de residuos, controlando a saída dos mesmos e atendendo aos transportistas e aos xestores que os recollan.
- Comunicar as incidencias, sen prexuízo de actuar inmediatamente ante situacións de emerxencia.
- Limpeza e mantemento das instalacións, da maquinaria e dos accesos inmediatos.

### 3.2. REXISTRO DIARIO

Todas as operacións de depósito de residuos no punto limpo serán rexistradas, consignándose os datos persoais do usuario, que se identificará coa presentación do DNI e os referentes ao residuo entregado.

Os datos de carácter persoal quedan sometidos ás normas xerais de protección de datos sen que poidan cederse para fins que non sexan os propios do servizo.

Tamén se rexistrará a retirada dos produtos depositados consignándose a natureza, volume, destino, data e receptor dos mesmos, sen prexuízo da sinatura dos correspondentes documentos de entrega.

Tamén se rexistrarán as incidencias e reclamacións que se produzan.

### ARTIGO 4. HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

O horario de apertura e funcionamento das instalacións fixarase tendo en conta as franxas horarias de previsible maior afluencia de público, tratando de que non coincida, polo menos en parte, coa xornada laboral habitual, e incluírá un tempo dentro dos fins de semana.

Os días e horas de apertura figurarán expostos no exterior da instalación.

### ARTIGO 5. RESIDUOS ADMITIDOS

Os residuos que se poden depositarse no punto limpo e as cantidades máximas admitidas por usuario e día son as consignadas no Anexo I

Como regra xeral, só se admitirán residuos procedentes de domicilios particulares e os producidos en comercios, oficinas ou servizos, que pola súa natureza, composición e cantidade poidan asimilarse aos domiciliarios, quedando excluídos os de procedencia industrial.

En función de circunstancias derivadas da normativa aplicable, da organización do servizo, das características da instalación ou dos xestores dispoñibles o Concello poderá autorizar a incorporación doutros residuos urbanos non contemplados no Anexo I, ou excluír xustificadamente algún dos alí relacionados.

O Concello, á proposta do xestor, aprobará unha guía na que se concretarán as pautas para a correcta segregación dos diferentes tipos de residuos que se poden depositar no punto limpo, tendo en conta as categorías de residuos perigosos, residuos non perigosos e residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs). Tamén se poderá adoptar a que poida elaborar a Comunidade Autónoma para a clasificación de residuos nos puntos limpos.

A guía estará á disposición dos usuarios e os seus criterios resultarán de obrigado cumprimento.

### ARTIGO 6. RESIDUOS NON ADMITIDOS

No serán admisibles, con carácter xeral, os residuos que non resulten incluídos nas determinacións do artigo anterior, tales como :

- Materia orgánica.
- Residuos mesturados.

- Residuos radioactivos (algúns pararraios), materiais de fibrocemento e outros clasificados como nocivos para a saúde, que dispón dunha normativa específica para a súa destrución ou vertido
- Materiais explosivos, inflamables ou radioactivos.
- Residuos sanitarios e medicamentos
- Residuos perigosos non autorizados.
- Residuos procedentes do sector da construción, ou de orixe industrial, agrícola o gandeiro.
- Residuos industriais.
- Residuos que no poidan ser identificados.

#### *ARTIGO 7. CONDICIÓNS DE ENTREGA DOS RESIDUOS POLOS SEUS PRODUTORES OU POSUIDORES*

1.—O traslado ata o punto limpo e o depósito no contedor asignado deberá realizalo o produtor ou posuidor dos residuos.

2.—Antes de proceder ao depósito do residuo ou residuos, cada usuario deberá declarar no posto de control a natureza dos mesmos e presentalos debidamente separados e no formato axeitado, que permita a súa manipulación sen riscos para as persoas e o medio ambiente

3.—O encargado do control, á vista do volume e características dos residuos admitidos na instalación, comunicará a súa aceptación ou rexeitamento. Os usuarios deberán seguir as indicacións correspondentes.

4.—O encargado supervisará que o depósito se realiza de forma correcta nos contedores específicos de cada categoría de residuos.

Facilitarse aos usuarios a información necesaria e garantirase a xestión dos residuos de acordo coa lexislación aplicable ao caso

5.—Sen prexuízo das instrucións particulares que se establezan para determinado tipo de produtos, teranse en conta as seguintes:

- Papel e cartón: as caixas de cartón deberanse abrir e comprimir para reducir o volume dos residuos. Así mesmo, o papel deberase presentar en bolsas ou caixas pechadas.
- Vidro, fluorescentes e cristais varios: os residuos de cristais deberán acondicionarse de tal forma que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas na manipulación dos residuos.
- Pilas: deberanse separar os diferentes tipos de pilas, ben sexan de botón, salinas ou alcalinas.
- Terras e escombros: debido á natureza destes residuos, deberanse presentar en sacos ou bolsas de plástico pechados, de 25 quilos como máximo, cada un.
- Aceites vexetais: presentaranse en garrafas ou botellas de plástico. Tomaranse as medidas necesarias para evitar derrames, sobre todo en caso de transvases. Estes residuos non se poderán mesturar con aceite de maquinaria, de motores de vehículos ou doutra natureza mineral.
- As baterías de automóbiles deberán levar pechados os depósitos que conteñen os ácidos para evitar o seu vertido e o risco de queimaduras dos operarios que manipulen devanditos residuos.
- Poda e restos vexetais
- Disolventes, pinturas e vernices: prohíbese a mestura de sustancias. Evitarase o seu vertido, sobre todo en caso de transvase de recipientes.
- Frigoríficos e electrodomésticos con CFC: entregaranse sen que produza rotura do circuío de refrixeración.

#### *ARTIGO 8. NORMAS DE FUNCIONAMENTO*

O acceso ás áreas de depósito manterase permanentemente en correcto estado de conservación.

O control estenderase ao contorno inmediato do Punto Limpo para evitar vertidos incontrolados.

Todos os colectores de residuos estarán correctamente etiquetados e naqueles que conteñan residuos perigosos indícaranse expresamente as características do residuo, as iconas de seguridade, e a data de inicio do almacenamento.

Os produtos recollidos teñen que ser periodicamente evacuados ás instalacións de tratamento ou de valorización adecuadas e autorizadas.

Os residuos perigosos non poden permanecer almacenados no punto limpo por un tempo superior a seis meses.

No caso dos destinados á súa valorización o tempo máximo de permanencia será de dous anos.

Tomaranse as medidas necesarias para evitar a entrada e acumulación de augas pluviais no interior dos contedores.

Non se permite ningún tipo de incineración dos residuos dentro do Punto Limpo.

Está prohibido fumar dentro do recinto. Esta prohibición sinalizarase con especial relevancia nas zonas de almacenamento de produtos inflamables.

No caso de que de rotura dalgún contedor deberá asegurarse que non se produzan vertidos tóxicos ó medio natural.

As entregas deberán realizarse a xestores autorizados, segundo as disposicións aplicables aos distintos tipos de produtos.

O transporte de residuos tóxicos e perigosos realizarase por transportista autorizado e inscrito no Rexistro correspondente.

A manipulación dos residuos no Punto Limpo evitará a mestura dos que sexan diferente tipo e o vertido accidental de sustancias contaminadas ao medio.

As empresas encargadas do transporte e tratamento facilitarán a documentación de control e seguimento establecida.

Os materiais e equipos empregados para a manipulación dos contedores deberán cumprir as prescricións legais en materia de emisión sonora.

O Punto Limpo establecerá as campañas de desratización, desinsectación e desinfección pertinentes.

#### ARTIGO 9. INFRACCIÓNS

1. O uso indebido das instalacións, os actos que causen danos ás infraestruturas, mobiliario e instalacións e o abandono de residuos na entrada do Punto Limpo sancionaranse de acordo coa lexislación vixente

2. Sen prexuízo das infraccións que poida establecer a normativa sectorial específica, constituirán infraccións administrativas as vulneracións ou incumprimentos do disposto no presente regulamento e clasificaranse en moi graves, graves e leves, de conformidade coa tipificación que se realiza no presente artigo. No non previsto no mesmo, rexerá o Título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

3. Serán consideradas infraccións moi graves:

- O abandono ou vertido no Punto Limpo ou nos seus accesos de residuos perigosos ou residuos non admitidos.
- A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración e o seu abandono ou vertido no Punto Limpo.
- Os actos de deterioro grave e relevante dos equipos, infraestruturas, instalacións ou elementos do Punto Limpo.

4. Serán consideradas infraccións graves:

- O abandono de residuos non perigosos, de calquera tipo, nos accesos ao Punto Limpo, fóra do horario de funcionamento do mesmo.
- A comisión dalgunha das infraccións descritas na o apartado anterior cando pola súa contía ou entidade, non merezan a cualificación de moi graves.

5. Serán consideradas infraccións leves:

- Entregar residuos procedentes de usuarios non admitidos.
- Depositar mesturados diferentes residuos non perigosos.
- Depositar residuos fora do contedor específico.
- Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles polo presente Regulamento.
- Calquera infracción do establecido neste Regulamento ou na normativa sectorial específica, cando non estea tipificada como grave ou moi grave.

#### ARTIGO 10. SANCIONES

As infraccións a que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- Infraccións moi graves: multa de ata 3.000 euros.
- Infraccións graves: multa de ata 1.500 euros.
- Infraccións leves: ata 750 euros.

As sancións se graduarán atendendo a:

- Grado de intencionalidade, participación e beneficio obtido
- Gravidade do dano producido.
- Categoría e natureza do residuo afectado.
- Reincidencia.
- Perigo para a saúde e integridade das persoas, fauna e bens.

#### ARTIGO 11. OBRIGA DE RESTAURAR E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA

De conformidade co previsto na lexislación aplicable, sen prexuízo da sanción administrativa que se imponha, os infractores estarán obrigados á reposición ou restauración das cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións fixadas polo órgano que impuxo a sanción.

Se os infractores non procedesen á reposición ou restauración, de acordo co establecido no apartado anterior, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas con arranxo ao disposto nos artigos 99 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha das multas non superará un terzo da multa fixada pola infracción cometida.

Así mesmo, poderá procederse á execución subsidiaria por conta do infractor e á súa costa.

#### ARTIGO 12. PRESCRICIÓN

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as sancións impostas por faltas graves aos dous anos e as sancións impostas por faltas moi graves aos tres anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que se cometeu a infracción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuando o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

3. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo si aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por remisión ao artigo 70.2 da citada Lei.

### ANEXO I

*Residuos admitidos nos termos do artigo 5 deste Regulamento e límites dos mesmos.*

TIPO	RESIDUO	LÍMITE DIARIO
COMÚN	Papel /cartón	sen límite
	Vidro	sen límite
	Envases lixeiros	sen límite
	Madeira	50 kg
	Metais	100 kg
	Plásticos sen PVC	sen límite
	Plásticos con PVC	sen límite
	Téxtil	50 kg
	Restos de poda doméstica	2 m3 ou 2 bolsas tipo Big-Bag
VOLUMINOSOS E RAEEs	Electrodomésticos sen CFC	3 unidades
	Útiles, mobles , colchóns...	200 kg
	Entullo de obra doméstica	100 kg
	Móviles	20 kg
	Equipos electrónicos (TV, equipos son, ordenadores,...)	20 kg
	Aparellos eléctricos pequenos	20 kg
PERIGOSOS OU TÓXICOS	Aceite mineral	10 l
	Filtros de aceite mineral	2 unidades
	Aceite vexetal	Particulares: 5 l, Profesionais do sector hoteleiro: 15 l
	Baterías de automóbil	2 unidades
	Disolventes	5 kg
	Toner e cartuchos de impresora	5 unidades
	Pilas	sen límite
	Sprays/aerosois	5 kg
	Radiografías	15 unidades
	Fluorescentes	4 unidades
	Pinturas e vernices	5 kg
	Electrodomésticos con CFC (neveiras)	1 unidade
	Envases de residuos perigosos	5 unidades

Nigrán, 26 de xuño de 2014.—O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

**2014005910**

\* \* \*

## REDONDELA

### A N U N C I O

Achégolle o anuncio relativo ao expediente administrativo que se lle instrúe a Luis Antonio Feijoo Martinez para que sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia, a efectos sinalados no art. 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na Resolución do 1 de abril de 1997 da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión e revisión do Padrón de Habitantes.

Redondela, 24 de xuño de 2014.—O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

**2014005912**